

Entrega de documentación de licenza por formación segundo a *ORDE do 8 de xuño de 2021 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2021/22 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión.*

b. 1.2) Unha guía didáctica en que se expoñan os obxectivos educativos pretendidos, os aspectos curriculares en que se incida, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñan e os recursos de avaliación, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo. Esta deberá poder ser visualizada en cada un dos ODE presentados.

THE ENGLISH CULTURE THROUGH MUSIC

ÍNDICE DE CONTIDOS	Pág.
1. MATERIA E CURSO Ó QUE SE DIRIXE	2
2. BREVE DESCRICIÓN DOS ODE	2
3. OBXECTIVOS XERAIS	3
4. COMPETENCIAS CLAVE	4
5. CONTIDOS	6
6. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES	11
7. RECURSOS MATERIAIS E FERRAMENTAS DIXITAIS	13
8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E Á CONVIVENCIA	14
9. ESTRATEXIAS DE AVALIACIÓN	14
10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	17
11. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	20

1. MATERIA E CURSO Ó QUE SE DIRIXE

Este proxecto está deseñado para ser aplicado en **6º curso de Educación Primaria**, conxuntamente nas materias de lingua estranxeira **Inglés e Música**.

Un resumo desta guía atópase incluído na última parte de cada ODE, co nome “Teachers’ guidelines” como se pode ver na seguinte captura de pantalla do ODE 1: ENGLISH MUSIC HISTORY.

ENGLISH MUSIC HISTORY

TEACHERS' GUIDELINES

Methodology, timing and attention to diversity

This resource is one of the **four OER** (Open Educational Resource) part of the project *The English culture through music*.

- OER 1: English music History.
- OER 2: Sewing music.
- OER 3: Dances of the world.
- OER 4: Music Olympics.

Our purpose is to compensate the opportunities inequality students have in their daily lives to interact with **real English speaking situations**. Bring the outside world into the classroom by means of **realia**, that is, real material not designed for teaching, but which fosters a **global and significant learning** by providing **contextualization, motivation** and awareness of the **language usefulness** for students.

Our project was created following the **Guide for creation of Open Educational Resources** by the **EDUx project** (promoted by the Cedex). It is designed to be applied together in the **English and Music** areas in the **6th level** of Primary Education. It focuses on a **Project Based Approach**, as students will first activate their previous knowledge and learn through discovery by developing different tasks to end up with a project.

This methodology is **active** using the **ICT** and **autofactual material** as well as fostering the students constant reflection and discussion) and **flexible** to be adapted to the students needs and the class circumstances in relation to the tasks, time and groupings, contributing this way to the **attention to diversity**.

This OER is divided in **7 main parts**, each of them contains several tasks which can be worked independently. Although each part is thought to be developed in **one session**, time can be adapted depending on the level of detail required on each task. Some of them may need previous work and others may need to be finished in following sessions. Every OER follows the same **structure**:

- Part 1: Students instructions.
- Part 2: Activating curiosity and previous knowledge.
- Part 3, 4 and 5: developing tasks.
- Part 6: Group project and progress self revision.
- Part 7: Teacher guidelines.

For each activity a different **type of grouping** is suggested by means of the following logos (explained in the students instructions).

TIME FOR... teamwork **TIME FOR... all class work** **TIME FOR... individual work** **TIME FOR... pair work**

Most of the work will be in teams, as the basis of the project is **cooperative learning** because of the multiple benefits it implies from the point of view of **attention to diversity** as well as **motivation** and **creativity**, among others. Nevertheless there will also be some time for class work, pair work and individual work as they complement teamwork to help the student's development from a global perspective.

2. BREVE DESCRIPCIÓN DOS ODE

ODE 1. HISTORIA DA MÚSICA INGLESA / ENGLISH MUSIC HISTORY

Pretendemos facer un percorrido histórico sobre as músicas populares urbanas e traballar os distintos xéneros a través dos grupos musicais de fala inglesa. Traballaremos así as letras das cancións, interpretación instrumental, escritura musical y letra de un tema musical de rock and roll.

ODE 2. COSENDO MÚSICA / SEWING MUSIC

Trata de establecer unha cronoloxía e de coñecer a distintos artistas de fala inglesa que fixeron obras de arte a través de diferentes actividades coma a sinestesia (pintar a música que escoitan), ler e escribir en inglés as súas impresións.

ODE 3. DANZAS DO MUNDO /DANCES OF THE WORLD

Consiste en coñecer as diferentes danzas relacionadas coa cultura inglesa. Traballaremos a investigación de orixenes, instrumentos e características musicais, elementos da linguaxe musical a través de distintos recursos dixitais, coreografías, gravacións.

ODE 4. OLIMPIADAS MUSICAIS / MUSIC OLYMPICS

Trata de traballar, a través do coñecemento de distintos xogos populares de países de fala inglesa, elementos musicais coma a composición, escritura de textos literarios, sonorización e dramatización dos mesmos.

3. OBXECTIVOS XERAIS

Lingüísticos:

1. Dotar os alumnos de estratexias comunicativas necesarias para comprender e interactuar oralmente en contextos reais ou simulados.
2. Adquirir as destrezas lectoras necesarias que lles permitan un dominio progresivo da comprensión da lingua escrita.
3. Fomentar a afección pola lectura na lingua estranxeira como fonte de gozo, formación e descubrimento doutros contornos e culturas.
4. Desenvolver e usar de forma progresiva e autónoma a escritura.
5. Fomentar o uso reflexivo da lingua, así como o coñecemento e respecto polos elementos sociolingüísticos e culturais que condicionan aos falantes da lingua estranxeira e que informan doutras maneiras de ver, entender e apreciar o mundo.

Non lingüísticos:

1. Interpretar colectivamente cancións do repertorio clásico, populares, folclóricas étnicas e actuais, para mellorar a técnica vocal, respectando as diferentes manifestacións culturais.
2. Utilizar os instrumentos máis característicos do ámbito escolar (Orquestra Orff), populares, do lugar onde se reside e algúns do uso clásico como forma de acompañar cancións e danzas.
3. Executar cunha actitude de interese, danzas populares, doutros períodos da historia da música ou pequenas coreografías propostas polo alumnado para alcanzar así, o coñecemento sobre o seu propio corpo e adquirir confianza nas creacións propias.

4. Analizar os elementos que compoñen a peza musical, a través da lectoescritura para coñecer a intencionalidade da obra musical.
5. Desenvolver a capacidade de discriminación auditiva escoitando pezas musicais de distintos estilos para diferenciar os elementos que as compoñen e facer unha valoración crítica de elas.
6. Valorar a importancia de coñecer un repertorio musical propio da nosa cultura e das demais culturas a través das gravacións e actuacións, para establecer actitudes de respecto e tolerancia ante as diferentes manifestacións culturais.
7. Colaborar no desenvolvemento de actividades musicais, empregando o traballo cooperativo para adquirir actitudes de recoñecemento e respecto ante as interpretacións propias ou alleas.
8. Coñecer e fomentar o uso das tecnoloxías e medios audiovisuais presentes no ámbito docente, empregándoos como recursos que faciliten a información e comunicación a novas posibilidades sonoras e expresivas, de forma que permitan apreciar o papel que desenvolve a música na sociedade.

4. COMPETENCIAS CLAVE

Lonxe de describir cada competencia, recollemos nestes puntos como con este proxecto contribuiremos ao desenvolvemento das sete competencias clave:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

Por unha parte, dende o punto de vista musical, traballarémosla a través da verbalización de ritmos e entoación das letras das cancións e a súa escritura.

Por outra banda, traballaremos todas as destrezas da lingua, comprensión e expresión oral, e comprensión e expresión escrita, priorizando a súa interrelación, pois é así como aparecen nas situacións reais de comunicación, e non de maneira illada, a través de textos, traballos de investigación, etc.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

Uso do encerado dixital no traballo de frase musical a través dun musicograma, exercicios de compases relacionados coas fraccións. Tamén traballaremos nocións espaciais, temporais, conceptos matemáticos básicos como os números así como o razoamento lóxico a través dos elementos da linguaxe musical e inglesa.

- **Competencias sociais e cívicas:**

Interpretación conxunta de melodías ou ritmos a través do xogo, para aprender o respecto, as normas e a responsabilidade.

A lingua é a base da comunicación entre os seres humanos, entendida como o conxunto de habilidades necesarias para a convivencia.

Deste xeito, que os/as nenos/as aprendan a comunicarse cos demais e a comprender o que os demais lles trasmiten é fundamental para a súa formación como seres sociais, o que potenciaremos a través do traballo colaborativo para a realización dos proxectos.

O contacto con outras realidades diferentes á súa, facilita tamén a erradicación de prexuízos e imaxes estereotipadas, que se interrelacionan coa seguinte competencia, a cultural.

- **Conciencia e expresións culturais:**

Este proxecto inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua inglesa e dos países nos que se fala. Traeremos o mundo exterior á aula e propiciaremos a inmersión na linguaxe, tradición e cultura no mundo de fala inglesa.

Por outra banda, queremos facer ao alumnado consciente da verdadeira utilidade da lingua estranxeira como instrumento de comunicación e de acceso á información, que lles permita comprender os elementos sociolingüísticos e culturais que condicionan aos falantes da lingua estranxeira e que informan de outras maneiras de ver, entender e apreciar o mundo. Poderán así alcanzar unha consciencia intercultural que lles permita comunicarse con certa sintonía cultural.

Ademais incluiremos actividades como expresar emocións a través da linguaxe corporal, ritmos e movementos, pintar mentres se escoita unha canción, xogar a través da música en grupos, actividades folclóricas musicais e de desenvolvemento psicomotriz.

- **Competencia dixital:**

Partimos da base de que o propio proxecto é un recurso dixital (elaborado con eXeLearning) e será visualizado na PDI da aula ou nos ordenadores individuais.

Ademais fomentaremos as destrezas para a busca, selección e comprensión da información a través de medios dixitais e o uso de Internet.

Incluiremos tamén actividades a realizar con diversas ferramentas dixitais como LibreOffice, Google (Google Docs, Google Slides) e outras como MuseScore, [Online Voice Recorder](#), [SKETCHPAD](#) ou Paint así como para poner música e levar a cabo xogos musicais e interactivos.

- **Competencia para aprender a aprender:**

A aprendizaxe colaborativa é unha ferramenta moi potente no desenvolvemento desta competencia, posto que permite que todos sexan á vez docentes e discentes. Se os equipos están compostos por membros con diferentes estilos de aprendizaxe, distintos puntos fortes e débiles e diferentes personalidades, calquera tarefa se converte nunha experiencia completa para eles. Non soamente adquirirán estratexias de aprendizaxe senón transmitir os seus coñecementos e axudar aos demais, o que supón unha dobre aprendizaxe para eles.

Por outra banda, tamén realizarán proxectos e adquiriran destrezas dixitais para a busca, selección e comprensión da información, mediante o uso de Internet, de ferramentas de Google, Office e outras como as mencionadas no apartado anterior.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

Tódalas secuencias didácticas plantexadas baséanse nunha aprendizaxe por descubrimento guiado que remata coa tarefa final, que é un proxecto colaborativo, fomentando así a autonomía, o espírito crítico, a iniciativa, o feito de poñerse no lugar dos outros e decidir entre varias cuestións. Actividades como a búsqueda de información sobre compositores, instrumentos... e tomar decisións grupais, contribúen a esta competencia.

5. CONTIDOS

Os seguintes contidos, criterios de avaliación e estándares baséanse na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (**LOMCE**) e máis concretamente no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes corresponden ao currículo da lingua estranxeira inglés e música para o sexto nivel de primaria.

Música:

BLOQUE 1. ESCOITA

B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.

B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.

B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.

B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.

- B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas.
- B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.
- B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.
- B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.

BLOQUE 2.INTERPRETACIÓN MUSICAL

- B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.
- B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.
- B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.
- B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.
- B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.
- B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.
- B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.
- B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.
- B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.
- B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.
- B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.
- B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.

BLOQUE 3.MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.

B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.

B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.

B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.

B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.

Inglés:

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

B1.1. Estratexias de comprensión:

- o Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.
- o Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
- o Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).
- o Formulación de hipótese sobre contido e contexto.
- o Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- o Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS:

B2.1. Estratexias de produción:

- o Planificación
 - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
 - Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso.
- o Execución
 - Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
 - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.

- Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada, etc.).
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais.

B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS

B3.1. Estratexias de comprensión:

- o Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.
- o Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
- o Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).
- o Formulación de hipótese sobre contido e contexto.
- o Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- o Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

B3.3. Funcións comunicativas:

- o Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
- o Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- o Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- o Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- o Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- o Establecemento e mantemento da comunicación.

B3.4. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

- o Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS:

B4.1 Estratexias de produción:

- o Planificación:

- Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.).
 - Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.).
- o Execución:
- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
 - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
 - Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.).

B4.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

- o Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna.

B5.2 Funcións comunicativas:

- o Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
- o Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordó ou desacordo, o sentimento, a intención.
- o Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- o Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- o Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- o Establecemento e mantemento da comunicación.

B5.3. Estructuras sintáctico- discursivas:

- o Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because); finalidade (to- infinitive, e. g. I did it to help her); comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest).

- o Relaciones temporais (when; before; after).
- o Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)).
- o Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!).
- o Negación (negative sentences with not, never, non (Adj.), nobody, nothing; Non (+ negative tag)).
- o Interrogación (Wh- questions; Aux. questions).
- o Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will).
- o Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start –ing); terminativo (finish –ing).
- o Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will).
- o Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.).
- o Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough).
- o Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).
- o Expresión do tempo (e.g. quarter past five); divisions (e.g. half an hour, summer), and indications (e.g. now, tomorrow, morning) of state; duration (e.g. for two days); anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then); simultaneousness (at the same stage); frequency (e.g. sometimes, on Sundays).
- o Expresión do modo (Adv. Of manner, e.g. slowly, well).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente; clima e contorna natural; tecnoloxías da información e comunicación.

A nosa proposta procura unha Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), onde o eixe central é o descubrimento guiado que culminará coa elaboración dun proxecto final.

Para a súa creación seguimos a Guía de creación de Recursos Educativos Abertos do Proxecto EDIA (Educativo, Digital, Innovador e Aberto), promovido polo CeDeC (Centro Nacional de Desenvolvemento Curricular en Sistemas non Proprietarios). O seu enfoque metodolóxico é unha aprendizaxe baseada en proxectos, onde cada REA (Recurso Educativo Aberto) plantea unha experiencia de aprendizaxe coa que o alumnado desenvolve os obxectivos do currículo oficial dunha materia, o que coincide coa idea do noso proxecto.

A nosa proposta xira arredor de compensar a desigualdade de oportunidades para interactuar en situacións reais de comunicación en Inglés na súa vida diaria. Por tanto, traeremos o mundo real á aula por medio de **realia**, isto é, material real non deseñado especificamente para o ensino, pero que fomenta unha **aprendizaxe global e significativa** xa que lles ofrece unha **contextualización, motivación e consciencia da utilidade** real da lingua para o alumnado.

Potenciaremos unha **metodoloxía activa e flexible** que contribúa a desenvolver o espírito crítico, a capacidade de discusión, reflexión e decisión, e a vontade colectiva de transformación da sociedade.

Cada ODE está dividido en **7 partes principais**, cada unha das cales contén diversas tarefas que poden ser traballadas de maneira independente. Dependendo do nivel de detalle que requiramos en cada tarefa, o número de sesións poden variar. Algunhas poden requirir un traballo previo e outras necesitarán ser rematadas en sesións posteriores. Cada ODE segue a mesma estrutura:

- Parte 1: Instrucións do alumnado.
- Parte 2: Activación da curiosidade e do coñecemento previo.
- Parte 3, 4, 5: desenvolvemento de tarefas e recollida do progreso diario.
- Parte 6: Proxecto grupal e revisión do progreso final.
- Parte 7: Guía didáctica.

Ao longo de todo o ODE, empregaremos **diferentes tipos de agrupamento**, que aparecen suxeridos en cada actividade por medio dos seguintes logos (tamén explicados nas instrucións do alumnado e na guía didáctica do propio recurso).



7. RECURSOS MATERIAIS E FERRAMENTAS DIXITAIS

Para a elaboración dos ODEs empregamos a ferramenta eXeLearning, que é un programa libre e aberto que facilita a creación e publicación de contidos en soportes informáticos diversos. Está dispoñible en diferentes versións segundo o sistema operativo: GNU/LINUX, MICROSOFT WINDOWS ou APPLE.

Por tanto, os materiais creados serán recursos multimedia, interactivos, portables e accesibles dende calquera tipo de dispositivo e de navegador en diferentes sistemas operativos, adaptables polos docentes (pois se inclúen os arquivos editables) e interoperativos, pois permiten o intercambio de información ao publicarse baixo a licenza Creative Commons: BY-NC-SA (Recoñecemento, Non Comercial e Compartir Igual). Desta forma poden ser compartidos (copiados e redistribuídos en calquera medio ou formato) e adaptados (reeditados, transformados ou crear material a partir deles) sempre e cando se recoñeza axeitadamente a autoría e non se faga uso comercial. Neste caso, deberanse difundir as contribucións posteriores baixo a mesma licenza que o orixinal.

Nos diferentes ODE empregaremos ferramentas dixitais como LibreOffice, Google (Google Docs, Google Slides) e outras como MuseScore, [Online Voice Recorder](#), [SKETCHPAD](#) ou Paint.

En canto ós recursos materiais necesarios, os ODE creados poden ser adaptados facilmente tanto para:

- Un ordenador ou tablet **por estudante**.
- Un ordenador **por grupo**.
- Unha pizarra dixital **por aula**.

Nos últimos dous casos necesitaremos imprimir as actividades individuais ou facelas en grupo. Nalgunhas actividades tamén se inclúen documentos imprimibles como alternativa ó uso dixital. Tamén serán necesarios **micrófonos, cascos e altofalantes**.

8. ESTRATEXIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E Á CONVIVENCIA

En primeiro lugar, os ODEs que aquí se presentan son totalmente adaptables por parte do profesorado, tanto en forma como en uso, podendo axustarse aos ritmos e características do seu grupo.

Ademais, son recursos dixitais e o uso das novas tecnoloxías e de material audiovisual resulta moi atractivo para o alumnado, favorecendo así a curiosidade dos máis desmotivados.

Por outro lado, todas as secuencias didácticas que presentamos se basean nunha aprendizaxe cooperativa, que ten unha importante contribución á diversidade e á convivencia. Pretendemos fomentar un traballo en equipo, colaborativo en lugar de competitivo, onde tódolos membros compartan os seus puntos fortes en virtude dos máis débiles, compensando así as desigualdades entre eles. Para isto é necesario prestar especial atención á formación dos equipos, para que haxa un equilibrio entre alumnos fortes e débiles en relación á tarefa e distribuír os roles axeitadamente. Unha vez feito isto, eles mesmos levarán a cabo as dinámicas de traballo en equipo e as estratexias de resolución de conflitos traballadas.

Asemade, o docente supervisará todo o proceso para asegurar o bo funcionamento dos equipos e a integración de todo o alumnado.

9. ESTRATEXIAS DE AVALIACIÓN

En cada secuencia didáctica levaremos a cabo tres tipos de avaliación, dependendo do momento no que terá lugar:

- ✓ **Avaliación inicial:** ao comezo da secuencia didáctica, para analizar as condicións previas nas que se da a aprendizaxe.
- ✓ **Avaliación formativa:** ao longo de toda a secuencia coas diferentes tarefas guiadas. Busca coñecer e valorar o grado de adquisición das aprendizaxes.
- ✓ **Avaliación final:** busca valorar os resultados finais a través de da elaboración dun proxecto final ao rematar cada secuencia didáctica.

Os principais recursos que empregaremos para levala a cabo serán:

- Autoavaliación e coavaliación: autocorrección das súas propias tarefas, intercambio e corrección das tarefas dos compañeiros, reflexión grupal ou individual despois dunha actividade, grabación e visualización crítica do seu traballo...



- Observación directa.
- Corrección automática dos recursos dixitais dentro do programa eXeLearning.
- Proxecto final e rúbrica para valoralo. Esta actividade distínguese polo seguinte logo:



Na guía didáctica dentro do propio recurso adxúntase a rúbrica, tanto para completar no ordenador (.doc) ou para imprimir (.pdf). Pódese ver a continuación:

Project Assessment rubric.

Student's name:				
	4 Excellent	3 Good	2 Fair	1 Needs to improve
CREATIVITY & ORIGINAL WORK	The contents and way of presenting the students' outcomes are really original.	The contents and way of presenting students' work are quite original.	Students need help to get some ideas about how to produce original outcomes.	Students copy ideas from other groups in relation to the contents or way of presenting them.
MUSICAL AWARENESS	Students describe and give relevant information about musical language included in the musical manifestations and context, including their personal reflections.	Students describe and give relevant information about musical language included in the musical manifestations and context.	Students describe some information about musical language included in the musical manifestations and context.	Students do not describe information about musical language included in the musical manifestations and context.
GRAMMAR CORRECTNESS & VOCABULARY ADEQUACY	There are not any grammar mistakes in students' written and oral messages. The vocabulary used is adequate to the topic.	Some grammar mistakes are found in students' written and oral messages. Most of the vocabulary used is adequate to the topic.	Students make some grammar mistakes but their messages can be understood quite clearly. A few words related to the topic are used.	Students' messages contain a lot of grammar mistakes that make the understanding difficult. Students hardly use key vocabulary.
PRONUNCIATION, FLUENCY & INTONATION	Students' pronunciation is very good and they are very fluent in their oral messages. Their intonation is very adequate to the conversational context they are in.	Students' pronunciation and fluency are quite good. Their intonation is adequate to the conversational context they are in.	Students have some difficulties in showing fluency. Pronunciation can be improved on some occasions. Intonation is hardly adequate to the conversational context.	Students do not show themselves as fluent speakers. They need a lot of previous practice. Pronunciation is not good at all and their intonation is not adequate to the conversational context.
PARTICIPATION	Students always cooperate and give feedback in their group and to other groups.	Students usually cooperate and give feedback in their group and to other groups.	Students have some problems to cooperate or give feedback.	Students don't cooperate well and don't give feedback.
LEARNING PROGRESS	Students recorded all their learning progress during the project including their personal reflections.	Students recorded all their learning progress during the project.	Students recorded some of their learning progress during the project.	Students didn't record their learning progress during the project.

Project Assessment rubric. Alba Souto Pereira, Alba M. Valverde Riveiro. [CC BY-NC-SA](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).

Música:

B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.

B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.

B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.

B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.

B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.

B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.

Inglés:

B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.

B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.

B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.

B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.

B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.

B2.5. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa.

B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.

B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ©, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.

B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

B4.4. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.

B4.5. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.

B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.

B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).

B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos).

B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.

B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.

B5.11. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).)

B5.12. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.

11. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Música:

EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.

EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.

EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.

EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.

EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.

EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.

EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.

EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.

EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento

EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.

EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.

EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.

EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.

EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.

EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.

EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.

EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.

EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.

Inglés:

PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).

PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.

PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira alta e clara.

PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).

PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.

PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.

PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).

PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).

PLEB4.2. . Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.

PLEB5.1 Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.

PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).

PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.